

ANUNCIO

Publícase para xeral coñecemento a resolución desta concellería núm. 591/2026, do 6 de agosto de 2026, que transcrita di:

«RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

O 24 de xullo de 2025 publicouse na web municipal e no taboleiro de anuncios municipal a relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración xeral interinos aprobada por Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 709/2025, do 24 de xullo, para ser utilizada ata que se confeccionase unha nova lista, e, en todo caso cunha duración máxima de dous anos contados a partir da súa publicación na páxina web municipal.

Visto que por Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 557/2026, do 24 de xullo de 2026, aprobouse unha nova relación de aspirantes que formarán parte da listaxe para posibles nomeamentos interinos de técnicos/as de xestión de administración xeral por orde de puntuación obtida.

En uso das atribucións que me foron delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 396/2025, do 30 de abril, **RESOLVO:**

Primeiro.- Declarar que coa aprobación da relación de aspirantes para posibles nomeamentos interinos de técnicos/as de xestión de administración xeral aprobada por Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 557/2026, do 24 de xullo de 2026, queda sen efectos a relación aprobada por Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 709/2025, do 24 de xullo.

Segundo.- Publicar esta resolución na web municipal e no taboleiro de anuncios do concello.»

Cambre, na data da sinatura dixital

O concelleiro delegado da Área de Economía,
Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico
P.D. (R.A. núm. 396/2025, do 30 de abril)

Rubén Vázquez Pérez